

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

EXTRACTO da Resolución do 10 de xaneiro de 2025 pola que se da publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego previstos no Instrumento financeiro do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027. Territorio P2 A Coruña. Modalidade proxectos empresariais tractores de grandes empresas, e procédese á súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG408N).

BDNS (Identif.): 808394.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias ou perceptores finais as grandes empresas, entendendo como tales aquelas entidades, independentemente da súa forma xurídica, físicas ou xurídicas, que exerzan unha actividade económica e que non poidan encadrarse na categoría de microempresa ou pequena e mediana empresa (peme) establecidas no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 da Tratado UE. Tamén poderán ter a condición de persoas beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens, as sociedades civís, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, cumpran os requisitos do anterior número 1.

Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva e teñen por obxecto a concesión de préstamos parcialmente reembolsables cofinanciados no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 (FTX), para o financiamento de



proxectos tractores de grandes empresas na provincia da Coruña, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 5 das bases. Estas axudas combinan un instrumento financeiro de préstamos directos con subvención nunha mesma operación, de forma que estes préstamos, destinados a financiar investimentos empresariais, poderán ser parcialmente reembolsables en función do cumprimento de determinados requisitos.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 10 de xaneiro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego previstos no Instrumento financeiro do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027. Territorio P2 A Coruña. Modalidade proxectos empresariais tractores de grandes empresas, e procédese a súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG408N).

Cuarto. *Importe*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria abonaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias por un importe de 37.019.230,00 €, coa seguinte distribución plurianual:

Partida orzamentaria 09.A1.741A.7700: 3.642.857,14 € con cargo ao ano 2025 e 4.289.835,00 € con cargo ao ano 2026.

Partida orzamentaria 09.A1.741A.8310: 13.357.142,86 € con cargo ao ano 2025 e 15.729.395,00 € con cargo ao ano 2026.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará a computarse 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e será de tres meses contado desde as 9.00 horas do día de inicio do prazo e ata as 14.00 horas do día no que se cumpra o citado prazo de tres meses.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2025

Patricia Villajos Grande
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

